

# 8m

## CIENCIA EN FEMININO

### 3 de marzo, 19:00h

Charla con **Mabel Loza**. Catedrática de Farmacología na Universidade da USC, onde dirixe o grupo de investigación BioFarma. O seu equipo céntrase no desenvolvemento de proxectos de I+D+i en fases temperás do descubrimento de fármacos, converténdose xa nun referente a nivel estatal. Ten máis de 160 artigos publicados en revistas científicas e foi galardoada co Premio María Josefa Wonenburger en 2019. Introducción a cargo da presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

### 10 de marzo, 19:00h

#### Mesa redonda - Fuga de talentos e conciliación

Investigadoras que desenvolven a súa carreira no estranxeiro falarán da precariedade da investigación no noso país, o nesgo de xénero no mundo científico e ata que punto condiciona a precariedade, a obrigada procura de oportunidades no exterior; as políticas de conciliación vixentes en Europa e en España...

- **Isabel Suárez Fernández** é física pola USC. Actualmente está a desenvolver o seu doutoramento no Instituto Superior Técnico (IST) CENTRA-Centro de astrofísica e gravitación de Lisboa. A súa tese afonda ns fenómenos críticos no colapso gravitacional.
- **Alba Vieites Prado** é neurocientífica e, hoxe en día, investiga no Paris Brain Institute a plasticidade de largo alcance das redes neuroanais no cerebro humano.
- **Lorena Boquete Vilariño** é bióloga. Actualmente, investiga no Laboratorio de Bioloxía Molecular da Universidade de Cambridge.
- **Carmela Silva**, presidenta de Deputación de Pontevedra



# 8m

## CIENCIA EN FEMININO

### 17 de marzo, 19:00h

Charla con **Amparo Alonso Betanzos (Vigo)**, especialista en Intelixencia Artificial. Enxeñeira química, presidenta da Asociación Española de Intelixencia Artificial (AEPIA) e coordinadora do grupo de investigación LIDIA (Laboratorio de I+D en Intelixencia Artificial) da Facultade de informática da Universidade da Coruña (UDC). Becada na primeira edición internacional do Programa L'Oréal UNESCO For Women in Science (primeira española becada nos 17 anos do programa). Comité de Sabias da Cátedra de Feminismos 4.0 da UVigo. Introducción a cargo da presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva.

### 24 de marzo, 19:00h

#### Mesa redonda - Teitos de cristal na investigación

Reflexión sobre o papel das mulleres en postos claves da investigación, sobre a súa escasa presenza ao fronte de grupos de investigación, as razóns que as levan a quedarse no camiño da carreira profesional, a escasa representación de académicas na RAGC ou ao fronte de institucións académicas, etc.

- **Concepción Sánchez Fernández**, directora do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia, Dirixe o gupo de investigación: Biotecnoloxía de especies forestais e traballa en biotecnoloxía forestal e a bioloxía molecular do desenvolvemento
- **María Luz Loureiro García** é catedrática de Economía da USC. A súa valoración económica de danos ambientais foi utilizado pola Fiscalía no proceso de reclamación xudicial dos danos causados pola vertedura do Prestige. Está entre o 2% superior dos científicos máis citados e predominantes do mundo, según o ránking SciTech Strategies. Este ano será nomeada académica da RAGC
- **Lucía Maneiro**, CEO da spin-off galega Psico VR, creadora dun software para gafas de realidade virtual (RV) dirixido ao tratamento psicolóxico de fobias, estrés e pánico.
- **Carmela Silva**, presidenta da Deputación

Presenta: **Begoña Márquez**, xornalista



DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

cciencia